

PROGRAMA CIENCIA – EMPRESA

Código de procedemento: IN852F
 Data publicación DOG: 25/03/2026
 Prazo de presentación de solicitudes: ata 27/04/2026
 Presentación de solicitudes: sede.xunta.gal
 Organismo xestor: Axencia Galega de Innovación

Obxecto

Apoio á realización de **proxectos de investigación industrial e de desenvolvemento experimental** por parte das **pequenas e medianas empresas galegas**, que lles permitan:

1. Desenvolver **solucións tecnolóxicas de alto impacto**
2. Mellorar a súa **competitividade**
3. Potenciar a xeración de **emprego altamente cualificado**

Beneficiarios

Pequenas e medianas empresas (PEMES) que realicen un **proxecto de I+D individual**, cuxas actividades se desenvolvan en Galicia.

Intensidade da axuda

As axudas concederanse en forma de **subvencións**.

Categoría predominante do proxecto	NON STEP		STEP	
	Pequena empresa	Mediana empresa	Pequena empresa	Mediana empresa
<input type="checkbox"/> Investigación industrial	60%	60%	75%	65%
<input type="checkbox"/> Desenvolvemento experimental	50%	40%	50%	40%

Orzamento

Os proxectos financiáveis ao abeiro desta convocatoria serán individuais e terán un **orzamento subvencionable mínimo de 100.000 €** e un **máximo de 500.000 €**



Custos elegibles

Custos directos

- Persoal
- Equipamento e material instrumental de nova adquisición
- Materiais, subministracións e produtos similares.
- Adquisición de patentes.
- Subcontratacións (inclúen servizos tecnolóxicos externos).
- Outros custos:
 - Informe de valoración do cumprimento do principio DNSH (**máx. 1.500 € por proxecto**)
 - Contratación externa do **plan de comunicación e difusión do proxecto** (artigo 16 da convocatoria)

Custos indirectos

- 15%** dos custos de persoal subvencionables

Proxectos STEP

Encadrados en, polo menos, **un dos ámbitos das tecnoloxías fundamentais STEP** recollidos na convocatoria e cumprimentar o cuestionario recollido no seu Anexo X.

- Tecnoloxías dixitais**
- Tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos**
- Biotecnoloxía**

Máis información

<http://gain.xunta.gal> (sección axudas)

881 999 121 / 881 999 162

servizos.gain@xunta.gal